

	IES de Mugardos. Departamento de LINGUA GALEGA		1º BAC 2020-2021
	MATERIA	Lingua Galega e Literatura	
	PROFESOR/A	Fátima Leira Beloso	

CONTIDOS

Nº	Título	Descrición	Av.
1	Técnicas de busca, selección e presentación da información. Técnicas de expresión oral e escrita.	Idea principais e secundarias. Esquemas, resumos, mapas conceptuais. Comentarios. Aprendizaxe de busca de información en bibliotecas, dicionarios, enciclopedias. Planificación. Fontes de información diversas. Selección da información. Borrador. Normas de presentación (marxes, estilos, fontes, negriñas, cursivas, índices, epígrafes, citas, notas a pé...). Bibliografía. Coherencia, cohesión e adecuación. Pronuncia. Prosodia. Dicción, fluidez, volume, ritmo, claridade, coherencia, emotividade, movementos corporais, xesticulación, miradas... Presentación visual.	1º
2	Lingüística	A comunicación. Elementos da comunicación. O signo. Signo lingüístico. Funcións da linguaxe. Denotación e connotación.	1º
3	Sociolingüística I	Orixe e formación da lingua galega Linguas románicas. Cultismos, semicultismos e voces patrimoniais. Historia da lingua.	1º
4	Literatura	Definición. Xéneros. Etapas.	1º
5	Literatura na Idade Media I	Cantigas profanas (amigo, amor, escarnio).	1º
6	Morfoloxía I	Os pronomes persoais	1º
7	Literatura na Idade Media II	Cantigas relixiosas e prosa.	2º
8	Sociolingüística I	Funcións sociais da lingua. Diversidade lingüística. Lusofonía. Lingua minoritaria e minorizada. Conflito lingüístico e diglosia. Ecolingüismo. Variedades lingüísticas.	2º
9	Tipoloxía textual	Clasificación e características. Texto narrativo, descritivo, argumentativo, dialogado, expositivo e instrutivo. Clasificación segundo a intención comunicativa e o ámbito. Conectores e marcadores discursivos ou textuais	2º
10	Morfoloxía II	Tipoloxía e caracterización dos verbos.	2º
11	Literatura nos séculos XVI, XVII e XVIII	Séculos Escuros e Ilustración.	2º
12	A literatura popular ou de tradición oral	Xéneros e características.	2º
13	Morfoloxía III	Tipoloxía e caracterización dos substantivos, adxectivos e determinantes.	3º
14	Literatura s. XIX	Inicio e precursores.	3º
15	Literatura s. XIX	Rexurdimento pleno Rosalía de Castro Curros Enríquez Eduardo Pondal.	3º
16	Literatura fins do XIX e comezos do XX	Poesía, narrativa e teatro.	3º

LECTURAS

1º trimestre: MARILAR ALEIXANDRE, *A cabeza de Medusa*. Xerais.

DOMINGO VILLAR, *Ollos de auga*. Galaxia

2º trimestre: ÁNSEL FOLE, *Á lus do candil*. Galaxia.

3º trimestre: X. FERNÁNDEZ FERREIRO, *Agosto do 36*. Xerais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas (dous exames por trimestre)	80%
Libro Lectura	10%
Traballos ou exposicións orais	10%
Total	100%

Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5 na suma dos tres apartados. Para a nota final da avaliación ordinaria realizarase a media aritmética das avaliacións trimestrais.

Avaliarase a corrección lingüística da seguinte maneira:

-Nas probas escritas reservarase 1 punto á corrección lingüística, entendida como ortografía, coherencia, cohesión e adecuación.

-Nos traballos escritos utilizarase o instrumento de avaliación correspondente: rúbrica, escala de valoración, etc...

A nota final do curso obtense facendo a media das tres avaliacións, coa nota real, non co redondeo. Quen non obteña un cinco como media das tres avaliacións terá dereito a unha proba final de recuperación. Nas avaliacións extraordinarias de setembro ou maio é obrigatorio examinarse de todos os contidos.

Se un alumno falta a unha proba sen xustificante médico ou de deber inescusable, terá un cero nese apartado. O mesmo para a entrega dos traballos, **non se recollen fóra de prazo**. No caso de detectar que un alumno copia nun exame retiraráselle a proba inmediatamente e poráselle un cero.

PROXECTOS

1º trimestres: Sen determinar.

2º trimestre: Exposición libre.

3º trimestre: Traballo sobre o libro.

Os alumnos de 1º Bacharelato poderán utilizar o teléfono móbil, só para uso pedagóxico, e baixo a supervisión do profesor/a. Para a realización de exames e probas de avaliación, poderase esixir que os deixen enriba da mesa deste/a.